

ACTA NÚM. 5/2021.

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO DE BRIÓN O DÍA 16 DE XUÑO DE 2021.

No salón de plenos da Casa do Concello de Brión, sendo as 13,00 horas do día 16 de xuño de 2021, reuníronse en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as de seguido relacionados, baixo a presidencia do Sr. Alcalde PABLO LAGO SANMARTÍN, co obxecto de celebrar sesión ordinaria correspondente ao día da data para a que foron previamente citados.

ALCALDE:

PABLO LAGO SANMARTÍN.(PSG-PSOE).

CONCELLEIRAS/OS PRESENTES:

-. PSG-PSOE:

CARLOS NOYA PEREIRA.
SANDY MARIE CEBRAL GÓMEZ.
MARÍA GUARINA REY VÁZQUEZ.
MARÍA ROSA ROMERO FARIÑA.
MARÍA CARMEN TOUCEDA FREIRE.

-. PP:

MARÍA FARIÑA BELLÓN.

-. BNG:

FRUCTUOSO SOUTO CASTIÑEIRA.
XOSÉ LUIS PENAS CORRAL.

Non asisten:

JOSÉ LUIS SAMPEDRO BOUZAS.
YOLANDA BOUZAS ALFONSÍN.
NATALIA FARIÑA GARCÍA.
WALDO CARBALLO GARCÍA.

Secretario: Javier Nieves González, secretario do Concello.

Asiste a interventora do Concello Ana Isabel Candame Areosa.

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución do Pleno, polo Sr. Alcalde declarouse público e aberto o acto, adoptándose os seguintes acordos:

-
- 1º) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DO 31.05.2021.
 - 2º) RELACIÓN DE DECRETOS DITADOS DESDE A ÚLTIMA SESIÓN ORDINARIA, DO 16.04.2021 AO 11.06.2021.
 - 3º) DACIÓN DE CONTA DA LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DE 2020.
 - 4º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS.
 - 5º) DACIÓN DE CONTA DA SITUACIÓN DE CUMPRIMENTO DE OBRIGACIÓNS DE COMUNICACIÓN TRIMESTRAL DA CORPORACIÓN DA EXECUCIÓN DO ORZAMENTO CORRESPONDENTE AO 1º TRIMESTRE DE 2021.
 - 6º) DACIÓN DE CONTA DA SITUACIÓN DE MOROSIDADE E DO CÁLCULO DO PERÍODO MEDIO DE PAGO CORRESPONDENTE AO 1º TRIMESTRE DE 2021.
 - 7º) MOCIÓNS.

8º) ROGOS E PREGUNTAS.

1º) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DO 31.05.2021.

De conformidade co artigo 91 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, preguntouse se algún membro do Pleno tiña que formular algunha observación ou reparo á acta da sesión anterior núm. 4/2021, do 31.05.2021.

Sometida a votación, o Pleno do Concello por unanimidade dos nove membros presentes acorda aprobalala.

2º) RELACIÓN DE DECRETOS DITADOS DESDE A ÚLTIMA SESIÓN ORDINARIA, DO 16.04.2021 AO 11.06.2021.

Pola alcaldía, de conformidade co artigo 42 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais e art. 22.2. a) da Lei 7/85, do 2 de abril, deuse conta da relación de decretos que de seguido se transcriben en extracto:

Nº Decreto	Data sinatura	Asunto
000171/2021	16/04/2021	COTA MANCOMUNIDADE CONCELLOS SERRA DO BARBANZA (LB3.21) - MARZO 2021.
000172/2021	16/04/2021	COTA ASOCIACIÓN CONCELLOS DO CAMIÑO DA RÍA DE MUROS E NOIA - ANO 2021.
000173/2021	16/04/2021	ALTAS EN PROGRAMA DE XANTAR A DOMICILIO.
000174/2021	19/04/2021	ALTA TARXETA DE ESTACIONAMENTO PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE Nº 144.
000175/2021	19/04/2021	BAIXA DO RECIBO DO LIXO CON NÚMERO FIXO 253000461675.
000176/2021	19/04/2021	DECRETO CONVOCATORIA XUNTA DE GOBERNO LOCAL ORDINARIA DO 20/04/2021, ÁS 14.00 H.
000177/2021	19/04/2021	ALTA XANTAR NA CASA EXPTE. Nº 43.
000178/2021	20/04/2021	EXPEDIENTES SANCIONADORES DE TRÁFICO.
000179/2021	20/04/2021	DEVOLUCIÓN GARANTÍAS DEFINITIVAS E COMPLEMENTARIAS.
000180/2021	20/04/2021	DEVOLUCIÓN DE FIANZAS.
000181/2021	21/04/2021	DEVOLUCIÓN DE FIANZA.
000182/2021	21/04/2021	DEVOLUCIÓN AVAL.
000183/2021	23/04/2021	RELACIÓN DE FACTURAS F/2021/11 ENERXÍA ELÉCTRICA.
000184/2021	23/04/2021	RELACIÓN DE FACTURAS F/2021/16 (+3.000€).
000185/2021	23/04/2021	RELACIÓN DE FACTURAS F/2021/18 CONTRATO.
000186/2021	23/04/2021	RELACIÓN DE FACTURAS F/2021/17.
000187/2021	23/04/2021	DEVOLUCIÓN FIANZA.
000188/2021	23/04/2021	DEVOLUCIÓN FIANZA.
000189/2021	23/04/2021	ALTA TARXETA DE ESTACIONAMENTO Nº 145.
000190/2021	26/04/2021	DECRETO DA CONVOCATORIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL ORDINARIA DO 27/04/2021, ÁS 14.00 H.
000191/2021	27/04/2021	BAIXA DE OFICIO NO PADRÓN DE HABITANTES.
000192/2021	28/04/2021	MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA Nº 07/2021: X.C. FINANCIAMENTO CONTRATACIÓN AXENTE DE IGUALDADE 2021.
000193/2021	28/04/2021	DECRETO DE APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE NÓMINA. ABRIL 2021.
000194/2021	27/04/2021	DECRETO DE ADXUDICACIÓN DO CONTRATO MENOR PARA O SERVIZO DE REPARACIÓN DO CAMIÓN DE BOMBEIROS MATRÍCULA 2356LNS.

000195/2021	30/04/2021	SOLICITUDE SUBVENCIÓN PLAN CONCERTADO 2021.
000196/2021	30/04/2021	COTA MANCOMUNIDADE CONCELLOS SERRA DO BARBANZA (LB4.21)
000197/2021	30/04/2021	DECRETO DE CONTRATACIÓN DO PERSOAL PARA AS BRIGADAS DE OBRAS E VÍAS DE 2021.
000198/2021	30/04/2021	DECRETO DE ADSCRIPCIÓN DO PERSOAL MUNICIPAL Á OBRA DE MANTEMENTO E MELLORA DAS REDES DE ABASTECIMENTO E SANEAMENTO DO CONCELLO DE BRIÓN: CHAVE DE PONTE, RÚA GONDAR, CABANAS-SAIME, BASTAVALIÑOS, SOUTULLOS E BEMIL.
000199/2021	30/04/2021	AVOCACIÓN DE COMPETENCIA PARA CELEBRACIÓN DE MATRIMONIO CIVIL.
000200/2021	03/05/2021	ALTAS PADRÓN MES DE ABRIL DE 2021.
000201/2021	03/05/2021	RESOLUCIÓN ALEGACIÓNS EXPTE INSTRUCCIÓN DO CONTRATO DE REPARACIÓN E MANTEMENTO ILUMINACIÓN PÚBLICA.
000202/2021	03/05/2021	LIQUIDACIÓN ACHEGA AO TRANSPORTE METROPOLITANO DE GALICIA SOCIAL 2019-21.
000203/2021	03/05/2021	BAIXAS PADRÓN DE HABITANTES MES DE ABRIL DE 2021.
000204/2021	03/05/2021	DECRETO DE CONVOCATORIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL ORDINARIA DO 04/05/2021, ÁS 14:00 HORAS.
000205/2021	04/05/2021	RESOLUCIÓN SANCIONADORA DE TRÁFICO.
000206/2021	04/05/2021	DECRETO PADRÓN ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL MAIO.
000207/2021	04/05/2021	SOLICITUDE SUBVENCIÓN APROL RURAL 2021.
000208/2021	04/05/2021	RESOLUCIÓN PROCEDEMENTO SANCIONADOR DE TRÁFICO.
000209/2021	04/05/2021	RESOLUCIÓN PROCEDEMENTO SANCIONADOR DE TRÁFICO.
000210/2021	05/05/2021	RELACIÓN DE FACTURAS F/2021/19 CONTRATO.
000211/2021	05/05/2021	DECRETO DEVOLUCIÓN INGRESOS INDEBIDOS.
000212/2021	05/05/2021	DECRETO DE LIQUIDACIÓN DE ASISTENCIAS AO TRIBUNAL DE SELECCIÓN DE PERSOAL PARA AS BRIGADAS DE OBRAS E VÍAS DE 2021.
000213/2021	05/05/2021	DECRETO DE LIQUIDACIÓN DE ASISTENCIAS AO TRIBUNAL DE SELECCIÓN DO PLAN EMPREGO LOCAL DA DEPUTACIÓN 2021.
000214/2021	05/05/2021	PROCEDEMENTO SANCIONADOR DE TRÁFICO.
000215/2021	05/05/2021	DECRETO ASISTENCIAS A SESIÓNS ÓRGANOS COLEXIADOS PRIMEIRO TRIMESTRE 2021.
000216/2021	06/05/2021	CORRECCIÓN DE ERROS DECRETO DE ASISTENCIAS A SESIÓNS DE ÓRGANOS COLEXIADOS PRIMEIRO TRIMESTRE 2021 (DECRETO Nº 215/2021).
000217/2021	06/05/2021	APROBACIÓN PAGAMENTO SUBVENCIÓNS CONCEDIDAS AO ABEIRO DO FONDO DE FINANCIAMENTO PARA A REACTIVACIÓN ECONÓMICA E SOCIAL DA PROVINCIA DA CORUÑA, DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA (PEL -REACTIVA).
000218/2021	07/05/2021	BAIXA RECIBO DO LIXO CON NÚMERO FIXO 253000497919,
000219/2021	07/05/2021	DECRETO PADRÓN SERVIZO AXUDA NO FOGAR BÁSICA ABRIL.
000220/2021	10/05/2021	DECRETO PADRÓN SERVIZO AXUDA NO FOGAR DEPENDENCIA ABRIL.
000221/2021	10/05/2021	BAIXA DA LICENZA DE AUTOTAXI Nº 9.
000222/2021	10/05/2021	DECRETO DE CONVOCATORIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL ORDINARIA DO 11/05/2021, ÁS 14.00 HORAS.
000223/2021	10/05/2021	DECRETO RECIBO DE LIXO ANO 2020.
000224/2021	10/05/2021	APROBACIÓN DAS BASES E CONVOCATORIA PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE UN POSTO DE AXENTE DE IGUALDADE.
000225/2021	10/05/2021	ADXUDICACIÓN PROVISIONAL DE PRAZAS ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL - CURSO 2021/22.
000226/2021	11/05/2021	APROBACIÓN M.C. Nº 08/2021: INCORP. REMANENTES DE CRÉDITO EXERCICIO 2020 (RISGA E APROL RURAL).

000227/2021	11/05/2021	RELACIÓN DE FACTURAS F/2021/20.
000228/2021	11/05/2021	APROBACIÓN BASES E CONVOCATORIA PRAZA DE TÉCNICO DE ADMÓN LOCAL INCLÚIDA NA OEP 2019.
000229/2021	11/05/2021	RELACIÓN DE FACTURAS F/2021/21 (+3.000).
000230/2021	12/05/2021	ALTA XANTAR NA CASA EXPTE. Nº 44.
000231/2021	12/05/2021	DECRETO DE DESIGNACIÓN DE LETRADA E PROCURADORES NO ASUNTO: PA 0000103/2021.
000232/2021	12/05/2021	COTA MANCOMUNIDADE CONCELLOS SERRA DO BARBANZA LB5.21 - MAIO 2021.
000233/2021	12/05/2021	RELACIÓN DE FACTURAS F/2021/22 CONTRATO.
000234/2021	12/05/2021	DECRETO PADRÓN SERVIZO AXUDA NO FOGAR BÁSICA ABRIL.
000235/2021	14/05/2021	BAIXA SAF DEPENDENCIA EXPTE. 13/2020-D.
000236/2021	14/05/2021	DECRETO DE APROBACIÓN DEFINITIVA DO PADRÓN FISCAL CONXUNTO DAS TAXAS POLOS SERVIZOS DE SUBMINISTRACIÓN DE AUGA, SANEAMENTO, DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS E CANON DA AUGA, CORRESPONDENTE AO 1º TRIMESTRE DE 2021.
000237/2021	18/05/2021	NOMEAMENTO DE INSTRUTOR DE EXPEDIENTE DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL.
000238/2021	18/05/2021	DECRETO DE APROBACIÓN DA AUTOLIQUIDACIÓN TRIBUTARIA MODELO 111. ABRIL 2021.
000239/2021	19/05/2021	APROBACIÓN DAS BASES E CONVOCATORIA DA PRAZA DE OFICIAL IV-PEÓN DA OEP DE 2019.
000240/2021	19/05/2021	SOLICITUDE SUBVENCIÓN RISGA 2021
000241/2021	20/05/2021	RESOLUCIÓN PROCEDEMENTO SANCIONADOR DE TRÁFICO.
000242/2021	20/05/2021	RESOLUCIÓN PROCEDEMENTO SANCIONADOR DE TRÁFICO.
000243/2021	20/05/2021	DECRETO TAXA ANUNCIO NO DOG.
000244/2021	20/05/2021	DECRETO PADRÓN POR UTILIZACIÓN PRIVATIVA DA VÍA PÚBLICA PARA FACILITAR A ENTRADA EN GARAXES PARTICULARES 2020,
000245/2021	20/05/2021	DECRETO DE AUTORIZACIÓN PARA FOGOS DE ARTIFICIO CON MOTIVO DAS FESTAS DE SANTA RITA, EN ONS.
000246/2021	20/05/2021	MODIFICACIÓN DA TAXA DO LIXO 2021 DE DOUS RECIBOS.
000247/2021	20/05/2021	ALTA TARXETA DE ESTACIONAMENTO Nº 146.
000248/2021	21/05/2021	BAIXAS NO PADRÓN DO LIXO 2021.
000249/2021	21/05/2021	DECRETO DE ADSCRICIÓN DO PERSOAL E MAQUINARIA AO PROGRAMA DE TRATAMENTOS PREVENTIVOS 2021.
000250/2021	21/05/2021	RESOLUCIÓN DE RECURSO DE REPOSICIÓN.
000251/2021	24/05/2021	DECRETO DE CONVOCATORIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL ORDINARIA DO 25/05/2021, ÁS 14.00 HORAS.
000252/2021	24/05/2021	APROBACIÓN DA LISTA PROVISIONAL DE ADMITIDOS/AS E EXCLUÍDOS/AS PARA O POSTO DE AXENTE DE IGUALDADE.
000253/2021	25/05/2021	DECRETO DE ADXUDICACIÓN DO CONTRATO MENOR PARA O SERVIZO DE SOCORRISMO E MANTEMENTO DA PISCINA DE BASTAVALES.
000254/2021	25/05/2021	DECRETO DE CONVOCATORIA DA COMISIÓN EXTRAORDINARIA ESPECIAL DE CONTAS (PERMANENTE DE FACENDA) DO 28.05.2021, ÁS 13:00 HORAS.
000255/2021	25/05/2021	DECRETO CORRECCIÓN ERROS PADRÓN ESCOLA DE MÚSICA.
000256/2021	25/05/2021	DEVOLUCIÓN FIANZA.
000257/2021	26/05/2021	DECRETO DE CONVOCATORIA DO PLENO EXTRAORDINARIO DO 31.05.2021, ÁS 13.00 HORAS.
000258/2021	26/05/2021	APROBACIÓN INICIAL DO PADRÓN DO LIXO 2021
000259/2021	26/05/2021	DEVOLUCION TAXA DEREITOS DE EXAME
000260/2021	26/05/2021	RELACIÓN DE FACTURAS F/2021/23 ENERXÍA ELÉCTRICA

000261/2021	26/05/2021	CAMBIOS DE TITULARIDADE NO PADRÓN DO LIXO 2021
000262/2021	26/05/2021	DECRETO DE VEHÍCULO ABANDONADO NA AVDA. DOS ÁNXELES 51, OS ÁNXELES (MERCEDES VITO).
000263/2021	27/05/2021	DECRETO DE AUTORIZACIÓN DE FOGOS DE ARTIFICIO EN CORNANDA OS DÍAS 4 E 5 E XUÑO CON MOTIVO DAS FESTAS DO SANTÍSIMO.
000264/2021	27/05/2021	AMPLIACIÓN SAF MUNICIPAL EXPTE. 30/2020-M.
000265/2021	28/05/2021	APROBACIÓN LISTA DEFINITIVA DE ADMITIDOS E EXCLUÍDOS, NOMEAMENTO TRIBUNAL E CITACIÓN PARA FASE OPOSICIÓN DO POSTO DE AXENTE DE IGUALDADE.
000266/2021	28/05/2021	ELEVACIÓN A DEFINITIVO DO ACORDO DO PLENO DO 21.04.2021 DE APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN NÚM. 2 DA RPT.
000267/2021	28/05/2021	DECRETO DE ADXUDICACIÓN DO CONTRATO MENOR PARA O SERVIZO DE LIMPEZA DE BEIRARRÚAS E PASEO FLUVIAL.
000268/2021	31/05/2021	DECRETO DE APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE NÓMINA. MAIO 2021.
000269/2021	31/05/2021	ALTAS PADRÓN MES DE MAIO DE 2021.
000270/2021	31/05/2021	BAIXAS PADRÓN MES DE MAIO DE 2021.
000271/2021	01/06/2021	ADXUDICACIÓN DEFINITIVA DE PRAZAS DA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL - CURSO 2021/22.
000272/2021	01/06/2021	ALTA TARXETA DE ESTACIONAMENTO Nº 147.
000273/2021	01/06/2021	DECRETO DE RESOLUCIÓN DE INICIO PROCEDEMENTOS SANCIONADORES DE TRÁFICO.
000274/2021	01/06/2021	APROBACIÓN PRÓRROGA DO CONTRATO DE SERVIZOS DE ESCOLAS MUSICAIS 2020/2021.
000275/2021	02/06/2021	ESCOLAS DEPORTIVAS 2020/2021-LEVANTAMIENTO SUSPENSIÓN EXECUCIÓN CONTRATO.
000276/2021	02/06/2021	LEVANTAMIENTO SUSPENSIÓN CONTRATO DE SERVIZOS ESCOLAS CULTURAIS 2020/2021.
000277/2021	02/06/2021	DECRETO DE NOMEAMENTO DE LETRADA E PROCURADOR NO ASUNTO: CLP CLASIFICACIÓN PROFESIONAL 0000277_2019.
000278/2021	02/06/2021	ALTA TARXETA DE ESTACIONAMENTO Nº 148.
000279/2021	02/06/2021	RESOLUCIÓN DE RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS EN VEHÍCULO.
000280/2021	02/06/2021	ALTA TARXETA DE ESTACIONAMENTO Nº 149.
000281/2021	02/06/2021	ALTA TARXETA DE ESTACIONAMENTO Nº 150.
000282/2021	02/06/2021	DECRETO DE ADSCRICIÓN PROVISIONAL DUN EMPREGADO PÚBLICO AO DEPARTAMENTO DE URBANISMO, OBRAS E SERVIZOS BÁSICOS DO CONCELLO DE BRIÓN.
000283/2021	02/06/2021	DECRETO ANUNCIO NO DOG.
000284/2021	02/06/2021	CONCESIÓN PREMIO LAUDAMUCO PARA TEXTOS TEATRAIS 2021.
000285/2021	03/06/2021	RECTIFICACIÓN DO EXPEDIENTE DE NÓMINA RELATIVA AO MES DE MAIO DE 2021.
000286/2021	03/06/2021	DECRETO DE CONTRATACIÓN EN RÉXIME DE INTERINIDADE DUN PEÓN GES.
000287/2021	04/06/2021	DECRETO DE NOMEAMENTO DE LETRADA E PROCURADOR NO ASUNTO: CCO CONFLICTOS COLECTIVOS 0000212/2021.
000288/2021	04/06/2021	DECRETO DE CONVOCATORIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL ORDINARIA DO 08/06/2021, ÁS 14.00 HORAS.
000289/2021	07/06/2021	RELACIÓN DE FACTURAS F/2021/24.
000290/2021	07/06/2021	RELACIÓN DE FACTURAS F/2021/25 CONTRATO.
000291/2021	07/06/2021	ALTA TARXETA DE ESTACIONAMENTO Nº 151.
000292/2021	07/06/2021	APROBACIÓN LIQUIDACIÓN ORZAMENTO EXERCICIO 2020.
000293/2021	07/06/2021	DECRETO LIQUIDACIÓN DE TAXAS ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL XUÑO.

000294/2021	07/06/2021	DECRETO PADRÓN ESCOLA DE MÚSICA TERCEIRO TRIMESTRE CURSO 2020/2021.
000295/2021	07/06/2021	ALTA TARXETA DE ESTACIONAMENTO Nº 152.
000296/2021	08/06/2021	M.C. Nº 09/2021: IR EXERCICIO 2020 (OBRA CAMIÑO DE AMAÑECIDA ATA GRAÑA E OUTROS).
000297/2021	09/06/2021	DECRETO PADRÓN SERVIZO AXUDA NO FOGAR DEPENDENCIA MAIO.
000298/2021	09/06/2021	DECRETO PADRÓN SERVIZO AXUDA NO FOGAR BÁSICA MAIO.
000299/2021	10/06/2021	DECRETO DE CONVOCATORIA DA COMISIÓN INFORMATIVA ORDINARIA DE SERVIZOS DO 15.06.2021, ÁS 13:00 HORAS.
000300/2021	10/06/2021	DECRETO DE CONVOCATORIA DA COMISIÓN INFORMATIVA ESPECIAL DE CONTAS (PERMANENTE DE FACENDA) O 15.06.2021, ÁS 13.15 H.
000301/2021	10/06/2021	DEVOLUCIÓN FIANZA VIVENDA UNIFAMILIAR.
000302/2021	10/06/2021	DEVOLUCIÓN FIANZA VIVENDA UNIFAMILIAR.
000303/2021	10/06/2021	DEVOLUCIÓN FIANZA VIVENDA UNIFAMILIAR.
000304/2021	11/06/2021	PLENO ORDINARIO DO 16.06.2021.

O Pleno queda enterado.

3º) DACIÓN DE CONTA DA LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DE 2020.

Dada conta do expediente de aprobación da liquidación do orzamento do Concello de 2020 aprobada por resolución da alcaldía do 07.06.2021, que transcrita di:

ANTECEDENTES:

Confeccionada a liquidación do orzamento municipal do 2020, de conformidade coa normativa de aplicación, e especialmente coas seguintes disposicións:

- Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, art.191 a 193.
- Real Decreto 500/90 de 20 de abril; art. 89 a 105.
- Orde EHA/3565/2008, pola que establece a estrutura dos orzamentos das entidades locais.
- Orde EHA/1781/2013, de 20 de setembro, aproba a instrución modelo normal de contabilidade local.
- Lei orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira (LOEPSF).
- Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro, polo que se aproba o regulamento de desenvolvemento da estabilidade orzamentaria, na súa aplicación as entidades locais (Regulamento).

Emitido o informe preceptivo pola Intervención Municipal en data 4 de xuño do 2021 de conformidade co establecido no art. 90.1 do RD 500/1990, de 20 de abril e do art. 191.3 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado por RD Lexislativo de 5 de marzo, así como o informe de avaliación da estabilidade orzamentaria, regra de gasto e límite de débeda en data 7 de xuño de 2021.

En virtude das competencias que me confire a normativa e de acordo co establecido nas bases de execución do orzamento municipal, pola presente RESOLVO:

PRIMEIRO.- Aprobar a liquidación do orzamento do Concello de Brión correspondente ao exercicio de 2020, que ten os seguintes resultados:

a.- Resumo por capítulos:

GASTOS PRESUPUESTARIOS	C.I.	M.C.	C.D.	O.R.N.	%	PAGOS REALIZADOS	REINTEGRO DE PAGOS	PAGOS LÍQUIDOS	PENDIENTES DE PAGO
1. Gastos de personal	2.420.825,11 €	-14.524,33 €	2.406.300,78 €	2.185.580,65 €	90,83	2.131.117,95 €	32.066,74 €	2.099.051,21 €	86.529,44 €
2. Gastos en bienes corrientes y servicios	2.711.229,82 €	25.227,25 €	2.736.457,07 €	2.049.004,76 €	74,88	2.049.004,76 €	142,80 €	2.048.861,96 €	142,80 €
3. Gastos financieros	5.100,00 €	0,00 €	5.100,00 €	4.704,45 €	92,24	4.704,45 €	0,00 €	4.704,45 €	0,00 €
4. Transferencias corrientes	564.210,21 €	98.249,28 €	662.459,49 €	427.450,60 €	64,52	426.569,73 €	0,00 €	426.569,73 €	880,87 €
5. Fondo de contingencia	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
6. Inversiones reales	1.019.855,25 €	1.422.125,96 €	2.441.981,21 €	881.055,65 €	36,08	881.055,65 €	30,61 €	881.025,04 €	30,61 €
7. Transferencias de capital	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
8. Activos financieros	24.000,00 €	0,00 €	24.000,00 €	0,00 €	0,00	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
9. Pasivos financieros	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
TOTAL	6.745.220,39 €	1.531.078,16 €	8.276.298,55 €	5.547.796,11 €	67,03	5.492.452,54 €	32.240,15 €	5.460.212,39 €	87.583,72 €

INGRESOS PRESUPUESTARIOS	P.I.	M.C.	P.D.	D.R.N.	%	DERECHOS RECAUDADOS	DEVOLUCIONES DE INGRESOS	RECAUDACIÓN LÍQUIDA	PENDIENTE DE COBRO
1. Impuestos directos	2.048.081,32 €	0,00 €	2.048.081,32 €	1.921.404,03 €	93,81	1.923.148,07 €	1.744,04 €	1.921.404,03 €	0,00 €
2. Impuestos indirectos	74.242,54 €	0,00 €	74.242,54 €	103.546,56 €	139,47	105.111,43 €	17.074,56 €	88.036,87 €	15.509,69 €
3. Tasas y otros ingresos	1.343.163,71 €	0,00 €	1.343.163,71 €	1.144.532,25 €	85,21	1.115.429,54 €	304,19 €	1.115.125,35 €	29.406,90 €
4. Transferencias corrientes	2.655.578,03 €	167.176,27 €	2.822.754,30 €	2.971.654,71 €	105,28	2.971.818,25 €	163,54 €	2.971.654,71 €	0,00 €
5. Ingresos patrimoniales	3.452,01 €	0,00 €	3.452,01 €	2.662,31 €	77,12	2.662,31 €	0,00 €	2.662,31 €	0,00 €
6. Enajenación de inversiones reales	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
7. Transferencias de capital	596.702,78 €	339.148,02 €	935.850,80 €	731.428,98 €	78,16	731.428,98 €	0,00 €	731.428,98 €	0,00 €
8. Activos financieros	24.000,00 €	1.024.753,87 €	1.048.753,87 €	1.408,82 €	0,13	1.408,82 €	0,00 €	1.408,82 €	0,00 €
9. Pasivos financieros	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
TOTAL	6.745.220,39 €	1.531.078,16 €	8.276.298,55 €	6.876.637,66 €	83,09	6.851.007,40 €	19.286,33 €	6.831.721,07 €	44.916,59 €

b.- Remanente de Tesouraría:

1. + FONDOS LÍQUIDOS	6.114.545,84
2. + DERECHOS PENDIENTES DE COBRO	345.965,47
a. + Del presupuesto corriente	44.916,59
b. + De presupuestos cerrados	295.240,45
c. + De operaciones no presupuestarias	5.808,43
3. - OBLIGACIONES PENDIENTES DE PAGO	205.029,20
a. + Del presupuesto corriente	55.343,57
b. + De presupuestos cerrados	1.823,37
c. + De operaciones no presupuestarias	147.862,26
4. - PARTIDAS PENDIENTES DE APLICACIÓN	-28.962,84
a. - Cobros realizados pdte de aplic.definitiva	33.546,46

	b. - Pagos realizados pdte de aplic.definitiva	4.583,62	
I. REMANENTE DE TESORERÍA TOTAL (1+2-3+4)			6.226.519,27
II. SALDOS DE DUDOSO COBRO		278.394,29	
III. EXCESO DE FINANCIACIÓN AFECTADA		39.556,96	
IV. REMANENTE TESORERÍA PARA GTOS GRALES (I+II+III)			5.908.568,02
V. SALDO DE OBLIGACIONES PENDIENTES DE APLICAR AL PRESUPUESTO A FINAL DE PERÍODO		4.217,88	
VI. SALDO DE ACREEDORES POR DEVOLUCIÓN DE INGRESOS AL FINAL DE PERÍODO		16,84	
VII. REMANENTE DE TESORERÍA PARA GASTOS GENERALES AJUSTADO (IV-V-VI)			5.904.333,30

c.- Resultado orzamentario:

CONCEPTOS	DCHOS R. NETOS	OBLIG. R. NETAS	AJUSTES	RTDO PPTARIO
a. Operaciones corrientes	6.143.799,86	4.666.740,46		1.477.059,40
b. Operaciones de capital	731.428,98	881.055,65		-149.626,67
1. Total operaciones no financieras (a+b)	6.875.228,84	5.547.796,11		1.327.432,73
c. Activos financieros	1.408,82	0,00		1.408,82
d. Pasivos financieros	0,00	0,00		0,00
2. Total operaciones financieras (c+d)	1.408,82	0,00		1.408,82
RESULTADO PRESUPUESTARIO DEL E.J. (1+2)	6.876.637,66	5.547.796,11		1.328.841,55
AJUSTES (3+4-5)				-261.795,44
3. Créditos gastados financiados con RTGG			65.362,31	
4. Desviaciones de financiación negativas del ej.			379.131,52	
5. Desviaciones de financiación positivas del ej.			706.289,27	
RTDO PRESUPUESTARIO AJUSTADO				1.067.046,11

SEGUNDO.- Dar conta ao Pleno na primeira sesión que se celebre trala aprobación da citada liquidación e remitir copia do expediente á Administración Xeral do Estado e á Comunidade Autónoma.

E dada conta igualmente do informe de intervención de avaliación do cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria, da regra do gasto e do límite de débeda, con motivo da aprobación da liquidación do orzamento de 2020, de data 07.06.2021, que sinala que: A liquidación do orzamento do Concello do exercicio 2020 cumpre co obxectivo de estabilidade orzamentaria, o límite da regra do gasto, e co límite de débeda, emitíndose este informe en cumprimento de imperativo legal, se ben con efectos meramente informativos, ao estar as regras fiscais suspendidas.

O Pleno queda enterado.

4º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS.

Dada conta da proposta da alcaldía ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa Especial de Contas (Permanente de Facenda), en sesión do 15.06.2021, que transcrita di:

Vista a existencia de facturas correspondentes a diversas obras, subministros e servizos prestados en anos anteriores ao 2021, que non puideron ser aplicados ao exercicio orzamentario que correspondían, porque foron presentadas no Rexistro Municipal de Entrada nos meses de decembro de 2020 e xaneiro e marzo de 2021.

Considerando a efectiva realización do servizo por parte do terceiro acredor, constando factura acreditativa de cada un dos gastos.

Esta Alcaldía, tramitou o correspondente expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos para aprobar as facturas (relacionadas no Anexo adxunto a este expediente), emitíndose o informe de Intervención con data 10 de xuño de 2021, onde consta que en aplicación do artigo 60.2 do Real decreto 500/1990, de 20 de abril, o recoñecemento de obrigas correspondentes a exercicios anteriores que, por calquera causa, non se recoñeceron naquel exercicio ao que correspondían, é competencia do Pleno da Corporación.

Por tanto, en aplicación do devandito do artigo 60.2 do Real decreto 500/1990, de 20 de abril, e previo informe da Comisión Informativa Especial de Contas (Permanente de Facenda), propono ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar e dispoñer os gastos e o recoñecemento das obrigas correspondentes a exercicios anteriores e derivadas das facturas e liquidacións que se relacionan a continuación, por un importe total de VINTE E SETE MIL NOVECENTOS QUINCE EUROS CON SESENTA E UN CÉNTIMOS (27.915,61 euros) con cargo ás aplicacións orzamentarias indicadas do orzamento vixente:

RELACIÓN

Nº de Entrada	Data	Importe Total	Desconto	Importe líquido	Terceiro	Nome	Texto Explicativo	Aplic.
F/2020/3548	16/12/2020	3.474,00	0,00	3.474,00	B15578289	LOS ANGELES GAS, S.L.	FRA Nº 2020/2004019; SUBMINISTRO GASOLEO A - NOVIEMBRE 2020	Multiaplicación
F/2020/3675	31/12/2020	133,10	0,00	133,10	B46001897	THYSSENKRUPP ELEVADORES S.L.	FRA Nº 9002818402; SERVICIO MANTENIMIENTO ASCENSOR ESCOLA DE MÚSICA - DECEMBRO 2020	2021 334 21200
F/2020/3676	31/12/2020	145,20	0,00	145,20	B70388574	UFA TECNOLOGIAS DE COMUNICACION S.L.U.	FRA Nº A 201061; MANTENIMIENTO EQUIPO CENTRALITA - PERIODO 01.12.2020 A 31.12.2020	2021 920 20800
F/2020/3677	31/12/2020	23,80	0,00	23,80	A36036739	DISTRIBUCIONES FROIZ, S.A.	FRA Nº 168-1-12/57; AUGAS - CARREIRA SAN SILVESTRE 2020	2021 341 22699
F/2020/3678	31/12/2020	170,85	0,00	170,85	A36036739	DISTRIBUCIONES FROIZ, S.A.	FRA Nº 168-1-12/56; PRODUCTOS ALIMENTACION - CULTURA	2021 338 22699
F/2020/3679	31/12/2020	270,93	0,00	270,93	A36036739	DISTRIBUCIONES FROIZ, S.A.	FRA Nº 168-1-12/58; PRODUCTOS ALIMENTACION BANCO DE ALIMENTOS E ESCOLA INFANTIL - DECEMBRO 2020	Multiaplicación
TOTAL		4.217,88	0,00	4.217,88				

RELACIÓN F/2021/26

Nº de Entrada	Data	Importe Total	Desconto	Importe líquido	Terceiro	Nome	Texto Explicativo	Aplic.
---------------	------	---------------	----------	-----------------	----------	------	-------------------	--------

F/2020/3659	29/12/2020	206,50	0,00	206,50	B29778651	BROCOLI, S.L.	FRA Nº FV-BRO20/02786; SUPERVISION INSTALACIONES CAMPO DE FÚTBOL - PERIODO 30 E 31 MARZO 2020	2021 342 22715
F/2020/3660	29/12/2020	1.548,78	0,00	1.548,78	B29778651	BROCOLI, S.L.	FRA Nº FV-BRO20/02571; SUPERVISION INSTALACIONES CAMPO DE FÚTBOL - PERIODO 1 A 15 MARZO 2020	2021 342 22715
F/2020/3662	29/12/2020	2.271,53	0,00	2.271,53	B29778651	BROCOLI, S.L.	FRA Nº FV-BRO20/08347; SUPERVISION INSTALACIONES CAMPO DE FÚTBOL - PERIODO 9 A 30 XUÑO 2020	2021 342 22715
F/2021/176	08/01/2021	18.926,74	0,00	18.926,74	B15590581	ESQUEIRO, S.L.	FRA Nº 221 005; CERT. LIQUID. OBRA RENOVACION ALUMADO PUBL. E MELLORA EFICIENCIA ENERXETICA - PERIOD 24.08.20 A 30.11.20	2021 165 61900
F/2021/771	05/03/2021	455,84	0,00	455,84	S1500072B	CONSORCIO GALEGO DE IGUALDADE E BENESTAR	LIQUIDACION 920; APORTACION PROGRAMA XANTAR NA CASA - 4º TRIMESTRE 2020	2021 231 45000
F/2021/789	15/03/2021	52,56	0,00	52,56	E70567219	FARMACIA ALVAREZ ALVAREZ C.B.	FRA Nº 2020/0189; MASCARILLAS FFP2 E TERMOMETRO SIN CONTACTO - CULTURA	2021 334 22699
F/2021/790	15/03/2021	193,43	20,88	172,55	02086557C	NOYA OTERO MARIA LUISA	FRA Nº 19/21; GASTOS PROCURADORA RECURSO CASACION PARA UNIFICACION DE DOCTRINA 1414/2020 FRENTE SINDICATO CNT	2021 920 22604
F/2021/1065	08/04/2021	42,35	0,00	42,35	B70546171	COMPOSTELA 24HORAS S.L.	FRA Nº 000079; PUBLICIDADE CARREIRA PEDESTRE 2019	2021 341 22602
TOTAL		23.697,73	20,88	23.676,85				

Segundo.- Imputar estas obrigas con cargo aos créditos correntes das aplicacións orzamentarias do orzamento vixente.

Debate:

Non se produciu.

Votación e resultado:

Sometida a votación a proposta ditaminada, dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 9, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (6), PP (1) e BNG (2).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 0.

Queda aprobada a proposta ditaminada nos seus propios termos.

5º) DACIÓN DE CONTA DA SITUACIÓN DE CUMPRIMENTO DE OBRIGACIÓN DE COMUNICACIÓN TRIMESTRAL DA CORPORACIÓN DA EXECUCIÓN DO ORZAMENTO CORRESPONDENTE AO 1º TRIMESTRE DE 2021.

Dada conta da información remitida por vía telemática con anterioridade por intervención ao Ministerio de Facenda en cumprimento do art. 16 da Orde HAP/2015/2012, do 1 de outubro, referente á avaliación da estabilidade e da regra do gasto correspondente ao 1º trimestre de 2021, mediante a súa posta a disposición desde a convocatoria da sesión plenaria, o Pleno queda enterado.

6º) DACIÓN DE CONTA DA SITUACIÓN DE MOROSIDADE E DO CÁLCULO DO PERÍODO MEDIO DE PAGO CORRESPONDENTE AO 1º TRIMESTRE DE 2021.

Dada conta da información remitida por vía telemática con anterioridade por intervención ao Ministerio de Facenda referente á situación de morosidade e do cálculo do período medio de pago correspondente ao 1º trimestre de 2021, mediante a súa posta a disposición desde a convocatoria da sesión plenaria, o Pleno queda enterado.

7º) MOCIÓNS.

Aprobouse por unanimidade dos nove membros presentes a urxencia das seguintes mocións:

7.1. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG SOBRE AS PEAXES DAS AUTOVÍAS GALEGAS.

O Sr. Concelleiro Souto Castiñeira da conta da moción referenciada, que transcrita di:

Exposición de motivos:

O Ministerio de Fomento vén de reabrir o debate sobre o repagamento mediante peaxe das autovías de titularidade estatal, reiterando unha proposta que xa fora anunciada en 2018 e 2019. Este debate abriuse despois de que a patronal das construtoras, ASEPAN, demandase este tipo de medidas para garantir contratos de concesión. Mais a medida ten tamén outras causas relacionadas co desequilibrio económico nas contas do Ministerio de Fomento a raíz de dúas decisións:

- O rescate das ruinosas autoestradas radiais madrileñas e doutras autoestradas, con un custo para as arcas públicas de máis de 3.000 millóns de euros.

- A supresión das peaxes en autoestradas nas que caduca a concesión entre 2019 e 2021, o que vai supor un custo duns 450 millóns de euros anuais. Ademais, o Ministerio de Fomento tamén aprobou o ano pasado bonificacións para o transporte en determinadas autoestradas, co conseguinte incremento do gasto orzamentario e da dispoñibilidade de recursos.

Como resposta a aquel primeiro anuncio de novembro de 2018, o Pleno do Parlamento aprobou un acordo en decembro de 2019, a instancias do BNG, no que manifestaba unha rotunda oposición ao establecemento de peaxes nas autovías de titularidade estatal.

Ademais do carácter regresivo e do impacto negativo que tería para as persoas usuarias das autovías, para a seguridade viaria e para a competitividade das nosas empresas, a citada medida hai que analizala no contexto da situación da rede viaria estatal en Galiza e concretamente da situación das autoestradas de titularidade estatal, a AP-9 e a AP-53.

Tamén cómpre ter en conta a situación moi deficiente do transporte público en Galiza que fai obrigado o uso do coche particular a unha maioría da poboación.

Desde o Ministerio chegouse a propoñer que tamén as autovías de titularidade autonómica pasasen a ser de peaxe, feito que tería graves repercusións na veciñanza do noso Concello.

É por todo o exposto con anterioridade, polo que o grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego somete a debate e aprobación polo Pleno deste Concello esta moción, propondo a adopción dos seguintes acordos:

1º) Amosar a rotunda oposición do Concello de Brión á intención do goberno central de establecer peaxes nas autovías de titularidade estatal, por considerala unha medida regresiva que establece barreiras económicas no acceso a servizos básicos como son as infraestruturas viarias, porque incrementa a inseguridade viaria e porque supón un atranco para o desenvolvemento económico e a cohesión social de Galiza.

2º) Dar traslado deste acordo ao Ministerio de Fomento.

Debate:
 Non se produciu.

Votación e resultado:
 Sometida a votación a moción, dáse o seguinte resultado:
 Votos a favor: 9, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (6), PP (1) e BNG (2).
 Votos en contra: 0.
 Abstencións: 0.
 Queda aprobada a moción nos seus propios termos.

7.2. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG SOBRE A NOVA TARIFA ELÉCTRICA.

O Sr. Concelleiro Souto Castiñeira da conta da moción referenciada, que transcrita di:

Exposición de motivos:

O pasado 9 de marzo do 2021 o Consello de Ministros, a proposta do MITECO, aprobou o Real Decreto polo que establece a metodoloxía que, xunto coas peaxes do sistema fixadas pola "Comisión Nacional de los Mercados y de la Competencia" (CNMC) na circular 312020 conforman a parte regulada da factura eléctrica de cada consumidor ou consumidora.

Esta reforma, xa prevista para o ano 2020 e demorada pola pandemia, entrou en vigor o pasado 1 de xuño. Dende o BNG consideramos que esta norma xera un impacto negativo nos consumidores e consumidoras, danos colaterais importantes que deberán levar á reconsideración desta norma, sobre todo tendo en conta que afecta a importantes sectores da poboación que xa están sufrindo as graves consecuencias derivadas do forte impacto económico das restricións impostas pola loita contra a COVID-19.

Este é o caso do consumo doméstico e nomeadamente daquelas persoas consumidoras adheridas xa con anterioridade ao sistema de discriminación horaria. Na Galiza hai máis de medio millón de fogares adheridos a esta modalidade que verán como a súa factura experimenta un aumento que pode chegar a superar o 30%.

Así mesmo, debe destacarse o impacto que ten en determinadas actividades económicas cunha forte implantación na Galiza como son as pequenas explotacións gandeiras, xa que os horarios do período punta da tarifa coinciden con tarefas de alto consumo enerxético polo que o incremento medio na factura será de máis do 40%. No país existen máis de dez mil explotacións afectadas por este cambio e sen alternativa posíbel.

De igual forma, outros consumidores cun perfil de consumo semellante ao descrito, como é o da hostalería, xa duramente golpeado pola pandemia, e o resto de PEMES, sufrirán igualmente as consecuencias, pois as súas actividades desenvólvense necesariamente durante as horas de maior custo da enerxía. Todo isto nunha Galiza que exporta electricidade.

Para rematar, queremos facer fincapé en que non resulta lóxico acometer un cambio normativo deste calibre sen ter en conta outros aspectos da composición da factura cuxo peso é relevante e cuxa necesaria revisión demándase tamén dende amplos sectores da sociedade, como son o importe do imposto especial da electricidade e o tipo de IVE que debe aplicarse, sendo a electricidade un ben de primeira necesidade e non un luxo.

Por todo o exposto, o grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego somete a debate e aprobación polo Pleno esta moción, propondo a adopción dos seguintes acordos:

1º) Trasladar ao Goberno central o rexeitamento por parte do Concello de Brión da súa política enerxética por contribuír ao incremento da factura eléctrica dunha parte importante das e dos consumidores domésticos e de sectores vulnerábeis, singularmente os cambios aplicados a partir do 1 de xuño de 2021.

2º) Instar ao Goberno do Estado a abrir un novo proceso para unha regulación da tarifa eléctrica baixo as seguintes premisas:

- a) Reducir os impostos que gravan o consumo de enerxía eléctrica, singularmente a eliminación do imposto especial da electricidade e a redución do tipo aplicado no imposto de valor engadido até o 4%.
- b) Beneficiar aos territorios de produción de enerxía eléctrica compensando o forte impacto ambiental e social derivado da súa produción a través dun abaratamento dos prezos.
- c) Modificar a Lei 24/2013, do sector eléctrico, de maneira que o prezo da electricidade se estipule en función dos custos de xeración de cada tecnoloxía.

Debate:

Non se produciu.

Votación e resultado:

Sometida a votación a moción, dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 9, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (6), PP (1) e BNG (2).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 0.

Queda aprobada a moción nos seus propios termos.

7.3. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PP SOBRE BEIRARRÚAS EN MOURENTÁNS E MELLORA DE ESTRADAS.

A Sr^a. Concelleira Fariña Bellón da conta da moción referenciada, que transcrita di:

Exposición de motivos:

Como consta no escrito de data 13 de agosto de 2018 presentado por veciños da aldea de Mourentáns, solicitouse a este Concello:

- A necesaria construción dunha beirarrúa na citada aldea, onde existe tránsito de peóns tanto de día como de noite.
- A colocación de semáforos que se activen polo exceso de velocidade.
- A construción de vadéns elevados para a redución da velocidade.

Todos sabemos que é a estrada AC-1302 que une Negreira con Urdilde, dependente da Deputación de A Coruña e que conta con elevado tránsito de vehículos.

En data 18.12.2019 trasladouse a moción a este pleno do Concello no que se emendou a mesma no seguinte sentido: Solicitar a Xunta de Galicia como a Deputación de A Coruña que se melloren as estradas da súa titularidade ao paso dos núcleos de poboación do Concello, e de forma significativa o tramo de San Salvador - Pérros. Sendo a mesma aprobada por unanimidade.

A data de hoxe non se ten coñecemento de que se iniciara trámite algún sobre ningunha das estradas.

Por todo o exposto anteriormente, este grupo municipal propón ao Pleno da corporación a adopción do seguinte acordo:

1º) Tomar as medidas precisas para solicitar á Deputación da Coruña a construción de beirarrúas na aldea de Mourentáns e adoptar as medidas necesarias para protexer aos veciños e viandantes desta zona, así como a mellora do firme da estrada que vai dende Mourentáns a Trasouteiro que se atopa en malas condicións e sendo moi transitada tanto por vehículos agrícolas como coches.

2º) Tomar as medidas precisas para solicitar á Deputación da Coruña e Xunta de Galicia que se melloren as estradas da súa titularidade ao paso dos núcleos de poboación do Concello como pode ser o de San Salvador - Pérros.

Debate:

A Sr^a. Concelleira Cebral Gómez sinala que se lle enviou á Xunta e non se recibiu resposta e volveremos a remitirla a ver se se pode facer algo.

O Sr. Concelleiro Penas Corral sinala que todas as propostas que van á Deputación teñen que ir acompañadas de estudos técnicos; nós o que pediríamos é facer un plan integral de necesidades de reparación de estradas da Xunta ou da Deputación; nós estamos a favor da proposta pero sería mellor unha proposta máis ampla, non só dirixida á Deputación.

O Sr. Alcalde sinala que nós estamos a facer estudos e que a Xunta non cede ningunha estrada que non teña unha estrada alternativa, seguiremos traballando, hai que facer un estudo para que as entreguen en condicións, seguiremos estudando o tema. Respecto da estrada de Mourentáns, dicir que non entra nos plans da Deputación por non ser prioritaria polo nivel de peóns e vehículos, e respecto da de Gronzo seguiremos loitando.

O Sr. Concelleiro Penas Corral sinala que se a Deputación cede debe ser en condicións aptas, non que o Concello teña que amañar e pagar, xa antes solicitamos que o Concello faga un estudo de viabilidade e despois pedilas.

O Sr. Alcalde sinala que o que reclamou a concelleira do PP no Pleno de 2019 enviouse á Deputación e á Xunta e non contestaron.

Votación e resultado:

Sometida a votación a moción, dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 1, pertencente ao grupo municipal do PP (1).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 8, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (6) e BNG (2).

Queda aprobada a moción nos seus propios termos.

8º) ROGOS E PREGUNTAS.

8.1. ROGOS E PREGUNTAS PRESENTADAS POR ESCRITO POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG.

1.- Sobre a transferencia de estradas ao Concello.

Neste Pleno tense falado repetidamente da conveniencia de que varios tramos de estradas titularidade da Xunta de Galiza ou da Deputación da Coruña pasen, nas debidas condicións, a ser de titularidade municipal para ser xestionadas conforme á súa realidade de vías urbanas.

O alcalde da corporación apareceu triunfalista na prensa falando deste tema despois dunha entrevista coa conselleira de infraestruturas. Sobre este tema preguntamos:

- Como está a día de hoxe o expediente para a transferencia das estradas reclamadas á Xunta de Galiza?

- En que data se presentou a solicitude oficial por parte do Concello de Brión?

- Está solicitada tamén a transferencia do tramo da AC-451 por Santa Minia?

A Sr^a. Concelleira Cebral Gómez sinala que o 22 de outubro de 2010 solicitouse unha entrevista coa conselleira, sen resposta aínda; e que o tramo de Santa Minia non se solicita porque non é

viable, por non existir estrada alternativa, e do tema dos viais do convenio da autovía de momento nada.

O Sr. Alcalde sinala que solicitouse unha reunión coa conselleira, pero primeiro polas eleccións e logo polo tema do Covid retrasouse todo, eu tiven unha reunión e quedou que en dous meses mandarían técnicos para analizar o tema, serían a AC-543 ata a rotonda de Os Ánxeles e a AC-451 e está tamén o tema da AC-300 que afecta ao convenio que asinaron e non fixeron; vaise volver a solicitar unha reunión para ver se teñen os proxectos xa, e comezar a negociar; que Ames tamén o pediu e deben estar analizando o dos dous concellos.

2.- Ante as queixas expresadas por veciñas e veciños de diferentes partes do Concello pola falta de mantemento das estradas e nomeadamente da limpeza e corta da herba das marxes:

- A que se debe o atraso na execución dos traballos de mantemento e limpeza?
- Ten previsto o Concello algunha medida para completar estes traballos de xeito áxil e eficaz?

O Sr. Alcalde sinala que tamén o vexo eu, que o Concello funciona como sempre, as cuadrillas funcionan como sempre, comezase por unha punta do Concello e se remata pola outra, que neste tempo a herba medra moito, e que temos unha empresa contratada para limpeza das beirarrúas; ás estradas da Xunta as limparon e deixaron todo sobre as beirarrúas, que se pode mellorar, que todo é mellorable, prioritario é todo pero se hai veciños en Bastavales sen auga os traballadores teñen que ir alí e deixar o da herba; fixen unha reunión cos encargados para que a limpeza fora o mellor posible; que se pode mellorar?, pois si, como todo, e remata sinalando que todos queremos o mesmo.

3.- Necesidade de ampliación de centros de ensino.

Ante o constante incremento de alumnado os centros educativos de Brión, tanto o CEIP de Pedrouzos coma o IES de Brión chegan ao límite de espazo dispoñible para poder ofrecer atención de calidade aos nosos fillos e fillas. Solicitamos:

- Que se realice un estudo completo das necesidades a corto e medio prazo no ámbito da educación no Concello de Brión.
- Que o Concello se poña a disposición das distintas comunidades educativas e apoie todas as medidas para conseguir que a Xunta de Galiza garanta as instalacións e medios humanos necesarios para unha educación de calidade para o alumnado do noso concello.

A Sr^a. Concelleira Cebal Gómez sinala que somos conscientes do problema dos espazos, un non chega e outro sobrepasouse, tiven unha reunión cos equipos directivos e se fará un estudo a tres anos vista, aconsellándonos polos equipos directivos para que a Xunta tome as medidas necesarias; a comunidade educativa ten todo o noso apoio como sempre, que é urxente pero leva tempo facer.

O Sr. Alcalde sinala que loitaremos polos nosos pequenos, seguiremos loitando.

8.2. ROGOS E PREGUNTAS PRESENTADAS POR ESCRITO POLO GRUPO MUNICIPAL DO PP.

Solicítase ao Concello que na medida do posible se teñan en consideración as seguintes cuestións e se comunique a este grupo municipal as solucións adoptadas sobre as mesmas:

- 1.- Rematada a construción da beirarrúa que discorre desde a Avenida de Noia e o lugar de Lago, e aínda non conta con alumeadado público no seu primeiro tramo (de aproximadamente 150 metros de lonxitude) entre a Avenida de Noia e a primeira vivenda do lugar de Buio e nun tramo intermedio de similar lonxitude ao anterior, entre a última vivenda do lugar de Buio e a primeira vivenda do lugar de Lago. Isto impide o tránsito nocturno de peóns. Como xa se indicou neste pleno do Concello se estaba a realizar un proxecto de luminarias para todo o Concello. Solicítase que se inclúa esta zona neste proxecto.



Sinala o Sr. Alcalde que xa temos constancia desa solicitude, para nós son prioritarios todos os veciños do Concello, non só eses veciños, que no proxecto de cambio de luminarias está incluído, pero non é prioritario para nós, engadindo que a Xunta cando fixo as beirarrúas podía poñer os farois; se está niso, cando antes poidamos, pero é unha cousa lenta porque se trata de grandes actuacións, porque o alumeado ten unha antigüidade de trinta anos e cando poidamos a realizaremos.

2.- Dende este grupo municipal tense comprobado que se están a realizar os desbroces de algunhas zonas do Concello, queríamos saber se se van a continuar cos mesmos e en que prazo, xa que se ten comprobado nunha mesma aldea estar parte do desbroce feito pero noutras non.

Sinala o Sr. Alcalde que xa se contestou con anterioridade e que o caso desa aldea é porque rompeu o tractor.

O Sr. Alcalde declara rematado o acto, e a sesión foi levantada sendo as trece horas e corenta e cinco minutos, procedéndose a redactar a acta, de todo o cal eu, como secretario, dou fe.

O alcalde
Vº e Prace

O secretario

Pablo Lago Sanmartín

Javier Nieves González